

Autora e ilustradora: **NADIA BUDDE**  
 Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Cartón duro. Caixón Infantil  
 18 páxinas a toda cor. 22x17,5 cm.  
 Dispoñible en:

-Galego: "Un, dous, tres, que ves?"  
 ISBN 978-84-8464-556-6  
 -Castelán: "Uno, dos, tres, ¿qué ves?"  
 ISBN 978-84-934641-2-7

Prezo: 10 €

## UN DOUS TRES QUE VES?

**Un, dous, tres, que ves?**  
**Iago, Brais, Cristobo, lobo grande, mediano, pequeniño, porquiño...**

O tándem texto-ilustracións é a clave para que "Un dous tres que ves?" se convirta nun dos libros favoritos dos primeiros lectores. A sucesión de personaxes que desfilan por cada páxina en diferentes situacións, actitudes e con distintas aparencias permite que os nenos aprendan a recoñecer imaxes, palabras e vocabulario.

A rima mantense dende o principio ao final do conto, incluídas a portada e a contraportada. Tamén destaca a estrutura, facilmente recoñecible, porque se conserva ao longo de todo o relato.

Así pois, ritmo, personaxes encadeados e ilustracións cheas de colorido fan de "Un dous tres que ves?" un libro moi divertido. Outro aliciente a ter en conta para o público infantil é a diversidade de animais que atoparás neste libro: lobos e porquiños, ratos, gatos e cans, un moucho sentado, unha raposa mirona ou un oso enfadado son parte da fauna invitada a este festival do humor.

O formato, en cartón duro "a proba de nenos", tamén está pensado para que os lectores se relacionen intensamente co libro: que sexa manexable, que poidan pasar as páxinas con destreza, que o teñan como un obxecto -e mesmo un xoguete- máis. "Un dous tres que ves?" é unha obra útil para apoiar a aprendizaxe dos primeiros lectores, a súa capacidade para comunicarse e desenvolver habilidades relacionadas coa psicomotricidade.

**NADIA BUDDE** (Berlín, 1967)

Adicábase á publicidade antes de comezar a súa formación na Escola de Artes Gráficas de Berlín e na Real Academia de Arte de Londres. "Un dous tres que ves?" foi o seu primeiro álbum ilustrado, co que recibiu en 2000 o Premio Alemán de Literatura Xuvenil. FAKTORIA K tamén editou desta mesma autora o libro "Viaxar en pixama", dispoñible en galego e castelán.

Obras posteriores, como "Trauriger Tiger toastet Tomaten" e "Kurz nach sechs kommt die Echs" tamén foron galardoadas co Premio Oldenburger, o Premio ao Libro Xuvenil ou o Premio ao Libro Ilustrado Troisdorfer, todos en Alemaña.



- **Temática:** números, animais, cores, psicomotricidade, rimas
- **Idade recomendada:** dende 3 anos
- **Aspectos destacables:** elaborado con cartón duro e esquinas redondeadas, para que ademais de libro, sexa tamén un xoguete

